

Sentenza da Manada: **VERGONZA**

10 DE MAIO FOLGA ESTUDANTIL

Todas e todos
ás concentracións!



Sindicato de
Estudantes

**NON É ABUSO,
É VIOLACIÓN.**



www.libresycombativas.net
www.sindicatodeestudiantes.net

Basta de **Xustiza machista** e violencia contra as mulleres!

A escandalosa sentenza feita pública polo tribunal de Pamplona sobre o xuízo ós violadores da Manada conmocionou a millóns de mulleres, de mozas e a unha maioría de homes con conciencia, como se comprobou nas multitudinarias manifestacións que percorreron todo o Estado nada máis coñecerse.

Esta sentenza demostra a dobre vara de medir dunha xustiza chea de reaccionarios que estrañan o franquismo: por unha banda, encárcerase a xente nova, tuiteiros e rapeiros por criticar á monarquía e a corrupción do PP nas redes sociais e en cancións; secuéstanse libros, censúranse revistas e lévase á policía ós campos de fútbol para incautar camisetas mareladas, argumentando que todo iso “incita á violencia”. Por outra, déixase en liberdade ós corruptos, absólvese ós fascistas das agresións que protagonizan e déixase impune a violencia machista contra as mulleres.

A sentenza contra os violadores da Manada vai neste segundo senso: rirse e desprezar a unha moza que foi agredida brutalmente por un grupo de salvaxes. Deste xeito, un tribunal legaliza a violación na práctica e colócanos a todas na diana de calquera besta que sabe que contará coa protección da xustiza.

Non podemos permitilo, temos que converter a nosa rabia e indignación en organización e loita! Por iso o Sindicato de Estudantes, xunto á plataforma feminista Libres e Combativas, convocamos unha gran folga estudantil para o vindeiro xoves 10 de maio, que paralice as clases en institutos e universidades, e chamamos a toda a mocidade a participar masivamente nas concentracións das 12 da mañá. Nesta gran folga manifestaremos o noso rotundo rexeitamento a esta xustiza patriarcal e machista —esixindo a expulsión da xudicatura dos xuíces responsables desta sentenza aberrante—, contra a corrupción do PP e os seus ataques ós dereitos democráticos, e mostraremos toda a solidariedade do estudantado coa vítima desta agresión horrenda.

**Nós si
crémoste!**

Todas e todos ás **concentracións** o 10 de maio! **12 h.**

- **SANTIAGO:** Praza do Toral
- **CORUÑA:** Obelisco
- **VIGO:** Farola de Urzáiz
- **OURENSE:** Subdelegación do Goberno
- **FERROL:** Edificio Xunta